

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

SUBVENCÍONS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ANO 2017

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 3 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCÍONS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ANO 2017

BDNS(Identif.):332394

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

1. Beneficiarios:

Os concellos, as agrupacións de concellos ou as entidades locais menores da provincia de Pontevedra, ata un máximo de 50.000 habitantes, que contén cun servizo de normalización lingüística, que pretendan crealo o que, carecendo del, realicen programas de dinamización da lingua galega.

2. Obxecto

Axudas económicas destinadas: á creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística e á promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega en concellos ou entidades locais menores da provincia que non soliciten para o servizo de normalización lingüística.

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 3 de febreiro de 2017, bases de execución do presuposto provincial do ano 2017, Lei 38/2003, xeral de subvencións, R.d. 887/2006, que aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e demais lexislación de aplicación.



4. Cuantía

200.000,00 €.

5. Prazo de presentación

Empezará a partir do día seguinte á publicación do extracto de dita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 31 de marzo de 2017.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada concello ou entidade interesada poderá presentar unha única solicitude ó amparo desta convocatoria, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base terceira.
- Concesión: De conformidade co establecido na base quinta da convocatoria.
- Gastos subvencionables: as retribucións do persoal técnico dos servizos de normalización lingüística municipais ou os necesarios para a realización de programas de dinamización da lingua galega.
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación:
 - Nas subvencións concedidas para a creación ou mantemento do servizo de normalización lingüística: Certificación expedida polo secretario ou interventor do concello ou entidade local dos pagos realizados ó persoal técnico de normalización lingüística e memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención.
 - Nas subvencións concedidas para a promoción e desenvolvemento de programas de dinamización da lingua: memoria da realización da actividade e do cumprimento da finalidade da subvención, facturas, conta xustificativa dos gastos e acreditar a debida divulgación do financiamento por parte da institución provincial da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos
- Prazo máximo de xustificación: 15 de febreiro de 2018.

Pontevedra, 10/02/2017.—A Presidenta, María del Carmen Silva Rego.

